

ANUNCIO DE PRAZO DE ADMISIÓN DE MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO PARA ACTUAR COMO COLABORADORES VOLUNTARIOS NAS TAREFAS DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR DURANTE O CURSO 2023-2024

Comunicólles que está aberto o prazo de admisión de membros da comunidade educativa (nais/pais, titores/as legais ou acolledores/as familiares do alumnado deste centro de ensino) que desexen, ao longo do curso 2023-2024, colaborar de xeito altruísta nas tarefas de atención e apoio aos escolares usuarios do comedor escolar. Poderán apuntarse nas listas de admisión que, habilitadas para este fin, se atopan na Dirección. Tamén poderán apuntarse por correo electrónico (ceip.sigueiro@edu.xunta.gal) facilitando os seguintes datos: Nome e apelidos da persoa voluntaria, DNI e datos do fillo/filla matriculado no centro. O prazo para presentar solicitudes permanecerá inicialmente aberto ata o día 5 de setembro de 2023, podéndose reabrir un novo prazo, de ser necesario, ata o 22 de decembro de 2023. Durante o curso 2023/2024 só se contará coa colaboración das persoas que figuren anotadas nestas listas. Percibirían unha compensación económica polos gastos de dedicación e desprazamentos xerados pola colaboración no comedor de 12,50€ por día de asistencia.

Sigueiro, 4 de xullo de 2023

A dirección